



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Variación e historia externa da lingua galega

Materia	Variación e historia externa da lingua galega			
Código	V01G400V01907			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OP	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Costas González, Xosé Henrique			
Profesorado	Costas González, Xosé Henrique			
Correo-e	xcostas@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Aproximación á historia externa e mais do léxico da lingua galega, así como á súa variación sociolectal e, sobre todo, diatópica.			

## Competencias

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
B9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
C12	Coñecemento da evolución histórica interna e externa do galego.
C15	Coñecemento das repercusións lingüísticas e interculturais do contacto de linguas.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
D6	Capacidade de xestionar a información.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D9	Capacidade crítica e de autocrítica.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
- Coñecer as variedades xeográficas do galego e recoñecer a súa validez oral.	A1	B1	C2	D1
	A2	B2	C12	D2
- Saber interpretar a variedade culta á luz da última historia externa do galego: dificultades de implantación, identificación, interferencias etc.	A5	B6	C15	D3
		B7		D6
		B9		D8
- Coñecemento do galego culto vs. galegos populares, dialectais (galego urbano vs. galegos rurais).				D9
				D10
				D11
				D12

## Contidos

Tema	
1. Variación e cambio lingüístico	1.1. Cuestións introductorias
2. Historia (externa) da lingua galega	2.1. Introducción 2.2. Periodización e características
3. Estudo histórico do léxico galego	3.1. Léxico galego de orixe latina 3.2. Léxico galego de orixe non latina 3.3. Procedementos de formación de palabras no galego medieval
4. Lingua galega e variación	4.1. A variación sociolectal 4.2. Outras variacións
5. A variación diatópica	5.1. O Atlas Lingüístico Galego 5.2. Trazos diferenciadores de variedades xeográficas galegas 5.3. Bloques e áreas lingüísticas do galego actual

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Traballo tutelado	24	71	95
Resolución de problemas	16	12	28
Lección maxistral	26	10	36
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	60	64

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	O primeiro día de aulas realizarase un percorrido explicativo polos eixes sobre os que pivotará o curso. Entregarase un cronograma da materia.  O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL tamén pode asistir a esta sesión. En todo caso o docente faralles chegar o cronograma da materia.
Traballo tutelado	Cada discente elaborará individualmente dous traballos escritos, seguindo as indicacións do profesor, sobre os puntos 3. e 5. do temario.  Todo o alumnado (presencial e SEMIPRESENCIAL) entregará unha copia en papel e subirá a versión definitiva dos traballos á plataforma Faitic.  Dedicaranse aulas presenciais a explicar a metodoloxía destes traballos. Ó longo do curso farase, tamén na aula, un seguimento deles. É moi recomendable para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL asistir a algunha destas sesións de aula -fixaranse ó longo do curso- (se alguén non puiden ir a ningunha, deberá acordar unha titoría co docente).
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos da materia. Empregaranse como complemento da lección maxistral.  O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Faitic das prácticas, que deberá entregar no prazo que se marque. Despois, o profesor, en función da natureza do exercicio, devolveraaas corrixidas, fornecerá un solucionario de autocomprobación ou fixará unha titoría para explicalas.
Lección maxistral	Nestas sesións, o docente exporá os contidos da materia, bases teóricas e lecturas relacionadas con elas, directrices ou explicacións a partir dos exercicios prácticos. Aconséllase levar os contidos da materia ó día.  O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Faitic dos materiais necesarios para preparar todos os contidos que se desenvolvan. Empregaranse, para iso, ficheiros en formato pdf (por veces o profesor tamén os poderá enviar por correo electrónico).

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Alén das indicacións precisas que se proporcionarán nalgunha aula específica para poder desenvolver os traballos, ó longo do curso non só se atenderán na aula todas as consultas individuais, senón que se realizará nela abundante práctica. Por suposto, nas horas de titoría tamén se resolverán todas as consultas relacionadas coa súa elaboración. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL poderá realizar as consultas sobre a elaboración dos traballos a través da plataforma Fatic, do correo electrónico ou, preferiblemente, nalgunha titoría. Se a cantidade de alumnado semipresencial así o aconsellar, poderase realizar algunha titoría en grupo, tipo seminario.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Os traballos, individuais, son obrigatorios tanto para o alumnado presencial coma para o SEMIPRESENCIAL. A data límite de entrega coincidirá coa data do exame (en cada unha das dúas edicións das actas). A proporción do seu valor será 20%-30%, respectivamente.  Un 7% da cualificación correspóndelle á exposición oral dos traballos na aula. Tanto para o alumnado presencial coma para o SEMIPRESENCIAL a distribución será 3%-4% para cada un dos traballos, respectivamente.  As exposicións durarán aproximadamente, tanto para o alumnado presencial coma SEMIPRESENCIAL, 7 e 10 minutos, respectivamente. Nestas exposicións non se poderá ler. Poderase empregar un pequeno guión ou acompañar a exposición de axudas audiovisuais, mais a presentación oral non pode constituír a simple lectura deste material.	50	A1 B1 C2 D1 A2 B2 C12 D2 A5 B6 C15 D3 B7 D6 B9 D8 D9 D10 D11 D12
Resolución de problemas	Ó longo do cuadrimestre o docente especificará as actividades prácticas que serán avaliadas. É preciso que se vaian entregando dentro dos límites que se poñan.  Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL esta epígrafe alcanza un 17% da cualificación final, por iso deberá levar a cabo algunha práctica avaliada a maiores ou realizar máis exhaustivamente algunha das que se propoñan (sempre seguindo as indicacións do docente).	12	A1 B1 C2 D1 A2 B7 C12 D2 A5 C15 D3 D6 D8 D9 D10
Lección maxistral	Valorarase a asistencia regular cunha participación activa nas aulas maxistras.  Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL este 5% da nota sumarase na metodoloxía "Resolución de problemas e/ou exercicios".	5	A1 B2 C2 D3 B7 C12 D6 C15 D9
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado que opte pola avaliación continua (tanto presencial coma SEMIPRESENCIAL) realizará unha proba escrita -sempre presencial- na data oficial proposta no calendario da FFT (para calquera das dúas edicións das actas) sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Se as circunstancias así o aconsellaren, poderase realizar un exame parcial previo, liberador de materia (na mesma data para todo o alumnado de avaliación continua).	33	A1 B1 C2 D1 A2 B2 C12 D2 A5 B6 C15 D3 B7 D6 B9 D8 D9 D10 D11 D12

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Todo o alumnado deberá decidir ó comezo do curso se opta por un sistema de avaliación continua ou por outro de avaliación única.

**-Avaliación continua** (para quen (a) asista regularmente ás aulas presenciais e (b) entregue as tarefas respectando os prazos e as indicacións do profesor -(a) e (b) para o alumnado presencial e só (b) para o SEMIPRESENCIAL-): para poder facer a media final ponderada, haberá que superar traballos, exame escrito e prácticas avaliadas. Todas as prácticas, actividades e traballos solicitados polo docente teñen que se entregar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Os discentes que non perdan o dereito á avaliación continua poderán recuperar na segunda edición das actas (xullo), na data fixada pola FFT, aquelas probas que non superasen na primeira edición das actas (maio). Se por causa xustificada algún alumno/a non pode cumprir co requisito (a), deberallo comunicar ó docente, que poderá propoñer outras actividades compensatorias.

**-Avaliación única** (para o alumnado que opte por ela ou para quen non cumpra cos requisitos para a avaliación continua,

ou renuncie a ela): poderase superar a materia, en calquera das dúas edicións de actas (maio e xullo), a través dun exame final escrito de todos os contidos teórico-prácticos da materia [40%] (que se realizará nas datas fixadas pola FFT no seu calendario oficial) e mais de dous traballos (seguindo as indicacións do docente) [25%-35%]. Cómpre superar tanto o exame coma os traballos (en cada unha das convocatorias) para poder aprobar a materia. Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas.

A copia ou o plaxio, total ou parcial, será avaliado cun cero na proba (traballo, práctica ou exame) en que se detecte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Todas as consultas realizadas por correo electrónico serán atendidas no horario de titorías.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Álvarez Blanco, R.; Dubert García, F.; Sousa Fernández, X. (eds.), **Dialectoloxía e léxico**, ILG/CCG, 2002

Álvarez Blanco, R.; Dubert García, F.; Sousa Fernández, X. (eds.), **Lingua e territorio**, ILG/CCG, 2006

Costas González, X.-H., **O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Estremadura)**, Xerais, 2013

Fernández Rei, F., **Dialectoloxía da lingua galega**, 3ª, Xerais, 2003

Fernández Rei, F.; Álvarez Blanco, R.; González González, M.; Dubert García, F.; Sousa Fernández, X., **Atlas Lingüístico Galego**, ILG/FBdLM, 1990-2016

Ferreiro, M., **Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía**, 2ª, Laiovento, 2001

Mariño Paz, R., **Historia da lingua galega**, 2ª, Sotelo Blanco, 1999

Monteagudo Romero, H., **Historia social da lingua galega: Idioma, sociedade e cultura a través do tempo**, Galaxia, 1999

Rodríguez Guerra, A. (ed.), **Lingüística histórica e dialectoloxía: Coordenadas do cambio lingüístico**, Univ. de Vigo, 2016

Sánchez Rei, X. M., **Lingua galega e variación dialectal**, Laiovento, 2011

### **Bibliografía Complementaria**

García Gondar, F. (dir.), **BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega**, Centro de Investigacións Ramón Piñeiro, **Na aula fornecerase outras referencias bibliográficas máis específicas.**

---

## **Recomendacións**

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Fonética e fonoloxía da lingua galega/V01G400V01902

Historia interna da lingua galega/V01G400V01906

---